

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 28 de abril de 2025**

Con data vinte e oito de abril do ano dous mil vinte e cinco, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Luis Menor Pérez

Deputados/as:

D.^a Marta Novoa Iglesias

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. César Manuel Fernández Gil

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a María Teresa Barge Bello

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora:

D.^a María Begoña Álvarez Matos

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE ABRIL DE 2025.

- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de abril de 2025.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 21 de abril de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCÍONS PARA A CONSTRUCCIÓN DE ECOALOXAMENTOS E A SÚA CONVOCATORIA, NO MARCO DE PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIO EU, EN COLABORACIÓN COA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións para a construción de Ecoaloxamentos e a súa convocatoria, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGeneration EU, en colaboración coa Axencia de Turismo de Galicia e a Secretaría de Estado de Turismo, co seguinte contido:

Con data 7 de maio de 2024 foi subscrito o convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación de Ourense para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Ourense Colle Velocidade, Vilas Históricas e Termas (en diante, PSTD), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU.

O convenio ten por obxecto a colaboración entre ambas as entidades para a execución da Resolución do 22 de maio de 2023, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, do 9 de maio de 2023, no que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que asigna 1.500.000 euros ao Plan de Sustentabilidade Turística Ourense Colle Velocidade, Vilas Históricas e Termas (PSTD) da Deputación de Ourense.

O PSTD obxecto do convenio referido enmárcase no Obxectivo 219 da Decisión de Execución do Consello, do 13 de xullo de 2021, polo que se aproba (Council Implementing Decision - CID), relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como nos fitos 220, relativo á execución dos Plans de

Sustentabilidade Turística en Destino, e 221, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destino.

Esta subvención está sometida ao Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, elemento central do Instrumento Europeo de Recuperación (NxtGenerationEU), cuxa execución se instrumenta en España polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aprobado por Acordo do Consello de Ministros, do 27 de abril de 2021, de conformidade co establecido pola Decisión de Execución do Consello, do 13 de xullo de 2021, polo que se aproba (Council Implementing Decision - CID).

A subvención réxese tamén polo Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, pola Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, pola Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e o formato da información para proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de feitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, pola disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e pola Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, en relación coa execución orzamentaria e contable, xestión das actuacións e proxectos vinculados ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A Deputación de Ourense é a entidade local executora deste Plan e os municipios que conforman a área de intervención son: A Arnoia, Bande, Boborás, Baños de Molgas, Cortegada, Cenlle, Castrolo de Miño, O Carballiño, Leiro, Lobios, Monterrei, Muíños, Punxín, Ribadavia, Verín, Allariz e Castro Caldelas. Estes correspóndense cos 15 municipios termais rurais adheridos á existente Rede de Vilas Termais da provincia de Ourense, e aqueles que contan con centros históricos coa declaración de BIC.

A Deputación de Ourense subscribiu un convenio interadministrativo co seu organismo autónomo Inorde, o 11 de xuño de 2024, co obxecto de que o Inorde desempeñe a xerencia do PSTD.

A presente subvención enmárcase na actuación 1.3 “ECOALOXAMENTO EN CONCELLOS CON POTENCIAL TERMAL OU CON CENTROS HISTÓRICOS” prevista dentro do eixo 1 “Transición verde e sostible” do PSTD e conta cun orzamento de 212.000,00 €.

Primeira. Obxecto da subvención.

1. As subvencións reguladas nestas bases ten por obxecto a construción ou instalación de ecoaloxamentos, en municipios, con oferta reducida ou inexistente de infraestrutura turística, que conforman a área de intervención do Plan de Sustentabilidade Turística Ourense Colle Velocidade, Vilas Históricas e Termas, da provincia de Ourense (A Arnoia, Bande, Boborás, Baños de Molgas, Cortegada, Cenlle, Castrelo de Miño, O Carballiño, Leiro, Lobios, Monterrei, Muíños, Punxín, Ribadavia, Verín, Allariz e Castro Caldelas).

2. Para os efectos desta convocatoria, consideraranse ecoaloxamentos aqueles establecementos turísticos de aloxamento que incorporan determinadas prácticas e características que buscan reducir a súa pegada ecolóxica e promover a súa sustentabilidade, incorporando as recomendacións da GUÍA que se anexa a estas bases.

3. Consideraranse actuacións subvencionables todas aquelas que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2025 e estean terminadas antes da data de xustificación da subvención establecida na base décimo terceira.

4. Se a actuación o require, o titular deberá contar coa correspondente licenza urbanística ou, no seu caso, certificación do concello de non precisar esa licenza, ou declaración responsable nos termos establecidos na normativa urbanística aplicable. Esta documentación deberase presentar coa xustificación da subvención.

5. Cada beneficiario poderá presentar un máximo de dúas solicitudes de ecoaloxamento, a condición de que estes se atopen en concellos distintos, dentro do ámbito de actuación.

6. A contía das subvencións obxecto desta convocatoria consistirá no 40% do prezo total neto do orzamento do proxecto de construción de cada ecoaloxamento.

Enténdese por prezo total neto do orzamento do proxecto de construción o importe orzado unha vez deducido o imposto sobre o valor engadido.

Sen prexuízo do anterior, ningún beneficiario poderá obter, ao amparo desta convocatoria, subvencións por importe superior a 40.000,00 € para cada solicitude que presente (máximo de dous).

7. Compatibilidade da subvención con outras axudas ou subvencións públicas, sen prexuízo do réxime de mínimos e da incompatibilidade da actuación con outras axudas ou subvencións da Unión Europea.

Segunda. Dispoñibilidade orzamentaria:

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase a cargo da aplicación 43211/627.25 denominada Proxecto PST Ourense Colle Velocidade. Promoción do Turismo da Deputación de Ourense, ata a contía máxima asignada á actuación, que é de douscentos doce mil (212.000,00) euros, tal e como se recolle no convenio ao que se fai referencia nos antecedentes destas bases.

O financiamento desa partida orzamentaria realizarase con cargo ao Plan de Sustentabilidade Turística Ourense Colle Velocidade, vilas históricas e termas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU, a través do convenio subscrito o día 7 de maio de 2024, entre a Secretaría de Estado de Turismo, a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense, para a súa execución, e polo tanto, se unha vez finalizado o prazo de admisión de solicitudes e, no seu caso, o de corrección, se detectase que dado o conxunto das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria que reúnen os requisitos para a obtención da subvención, non resulta suficiente o crédito dispoñible, inicialmente, para financiarlas, os remanentes doutras actuacións executadas dentro do PSTD, anteriormente citado, poderán destinarse a financiar a presente subvención sen necesidade de aprobarse unha nova convocatoria. Neste caso, a asignación do crédito realizarase seguindo a estrita orde de valoración das solicitudes presentadas.

No caso de que, unha vez concedido o crédito correspondente a todas as solicitudes presentadas que reúnen os requisitos para obtención da subvención, en virtude do anteriormente exposto, non se consumise o total do crédito dispoñible, non operarán os límites de concesión do 40% do prezo total neto do orzamento e de 40.000,00 €, anteriormente indicados, e neste caso poderase distribuír o crédito sobrante entre todas as solicitudes presentadas que reúnen os requisitos para obtención da subvención de forma proporcional ao importe total do anteproxecto presentado na solicitude.

O financiamento está suxeito aos controis da Comisión Europea, da Oficina de Loita Antifraudes, do Tribunal de Contas Europeo e da Fiscalía Europea, e ao dereito destes órganos ao acceso á información sobre o expediente e ás normas sobre conservación da documentación, de acordo co disposto no artigo 132 do regulamento financeiro.

Terceira. Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, forman parte da construción do ecoaloxamento.

Así mesmo, non se considerarán custos financiáveis:

- Impostos indirectos
- Autorizacións administrativas, licenzas, permisos, custo de avais e/ou fianzas e multas.
- Calquera gasto asociado a xestións, contratacións, consultas ou trámites administrativos, aínda sendo necesarios para a obtención de permisos ou licenzas.
- Seguros subscritos polo solicitante.
- A vixilancia e seguridade durante a execución da obra ata a data de posta en marcha.
- Calquera custo financeiro.
- Custos asociados a sancións penais, así como gastos de procedementos xudiciais.
- Licenzas destinadas a sistemas operativos e aplicacións ofimáticas.
- Calquera gasto de operación e mantemento.

Cuarta. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios da axuda obxecto da presente convocatoria as persoas físicas ou xurídicas, que teñan residencia fiscal en España, e sexan titulares ou poidan acreditar a dispoñibilidade dos terreos sobre os que se executará a obra no momento da solicitude da subvención, radicados dentro do ámbito de aplicación do PSTD (A Arnoia, Bande, Boborás, Baños de Molgas, Cortegada, Cenlle, Castro de Miño, O Carballiño, Leiro, Lobios, Monterrei, Muíños, Punxín, Ribadavia, Verín, Allariz e Castro Caldelas).

Cando as destinatarias últimas sexan persoas xurídicas, estas deberán acreditar que se atopan debidamente constituídas, conforme a normativa que lles resulte de aplicación.

Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias aquelas nas que, aínda cumprindo cos requisitos, concorran algunha das circunstancias contempladas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, ou se atopen en situación de crise, conforme ao que establecen os artigos 2.18 e 1.4.c) do Regulamento (UE) 651/2014. Tampouco no suposto de atoparse suxeitas a unha orde de recuperación ou reintegro pendente sobre calquera axuda ou subvención que lles tivese sido outorgada con anterioridade, ben por declararse axuda ilegal e incompatible co mercado interior, ben por calquera tipo de incumprimento das obrigacións que lle fosen atribuídas na resolución da concesión.

Quinta. Solicitudes: lugar e forma de presentación, prazo e documentación.

1. Lugar e forma de presentación: as solicitudes, subscritas polo interesado ou polo seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade, da seguinte maneira:

a) As persoas físicas poderán elixir en todo momento se se comunican coa administración para o exercicio dos seus dereitos e obrigacións a través de medios electrónicos ou non, salvo que estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos.

b) As persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica están obrigadas a relacionarse electronicamente coas administracións públicas, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación [https:// sede.depourense.es/](https://sede.depourense.es/)

2. Prazo de presentación: o prazo de presentación de solicitudes é dun mes, contados a partir da data da publicación da convocatoria e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día da publicación é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non hai equivalente ao iniciar o cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

3. Documentación que deberá presentarse. As solicitudes deberán presentarse achegando dous tipos de documentación: documentación administrativa, para acreditar o cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria, e a documentación valorable, para a valoración dos méritos do solicitante.

a) Documentación administrativa:

a.1) Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación Provincial mediante o modelo oficial que figura como anexo I destas bases.

a.2) No caso de persoas xurídicas: acreditación da constitución da persoa xurídica e o seu NIF.

a.3) Poder con que actúa o representante do solicitante e DNI.

a.4) Declaración responsable seguindo o modelo que figura no anexo II, na que se inclúa que o solicitante non está incurso nas prohibicións establecidas nos parágrafos 2 e 3 do artigo 13 da Lei xeral de subvencións, así como o cumprimento das obrigacións tributarias e da Seguridade Social.

a.5) Acreditar cumprir, nos termos dispostos no apartado 3.bis do artigo 13 da Lei xeral de subvencións, os prazos de pago que se establecen na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

a.6) Autorización para recibir vía correo electrónico e/ou SMS a notificación do inicio do prazo para emendar deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, a publicación do anuncio de inicio do trámite de audiencia da proposta de resolución provisional, da publicación do acordo de resolución do concurso e do anuncio do inicio do

prazo para emendar deficiencias na documentación presentada para xustificar a subvención concedida, segundo modelo do anexo III.

A presentación do documento sinalado neste apartado a.6) non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, no caso de non presentarse, a Deputación non realizará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á corrección de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á corrección de deficiencias na xustificación, sendo publicada a información correspondente exclusivamente a través da sede electrónica e a páxina web e tamén no BOP, no caso de resolución do procedemento, de conformidade co sinalado nas bases 8ª e 11ª, respectivamente.

a.7) Declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) conforme ao modelo de declaración do anexo IV da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Anexo IV.

a.8) Declaración de ausencia de conflitos de interese (DACI) conforme ao modelo de declaración da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Anexo V.

a.9) Información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos na forma prevista no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, nos termos establecidos no punto 6 do artigo 3 da Directiva (UE) 2015/849. Anexo VI.

a.10) Compromiso escrito á concesión dos dereitos e accesos necesarios para garantir que a Comisión Europea, a Oficina de Loita contra a Fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e as autoridades nacionais competentes exerzan as súas competencias. Anexo VII.

a.11) Declaración responsable sobre o cumprimento do principio de non prexuízo significativo aos seis obxectivos medioambientais. Anexo VIII.

a.12) Cuestionario de autoavaliación de DNSH recollido no anexo II da Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente.

a.13) Declaración responsable en relación ás axudas de *minimis* recibidas. Anexo IX

a.14) Declaración responsable de adhesión ao Plan Antifraudes da Deputación de Ourense. Anexo X

a.15) Certificado de titularidade de conta bancaria: certificado expedido pola entidade bancaria onde conste de forma inequívoca que a conta bancaria (IBAN) é titularidade da persoa solicitante.

a.16) Certificado ou xustificante da propiedade ou explotación dos terreos sobre os que se pretende actuar. Para estes efectos, poderá achegarse certificado catastral electrónico, certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben achegar a documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición do terreo. Esta documentación pode ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, a condición de que conste fidedignamente a realidade da súa data. No caso de que a persoa solicitante non sexa a propietaria, deberá achegar, adicionalmente, a documentación ou contrato que acredite a dispoñibilidade dos terreos, así como a facultade expresa para poder executar as actuacións correspondentes obxecto da subvención, como pode ser un contrato de arrendamento ou de explotación.

a.17) Memoria explicativa de actuacións a realizar onde se inclúa ademais o custo asociado acompañado dun orzamento desagregado, axustado a prezos de mercado.

b) Documentación valorable:

b1) Anteproxecto que describa os criterios de valoración recollidos na base 9ª das presentes bases.

b2) Compromiso asinado polo solicitante ou o seu representante no que se detalle os elementos, técnicas e sistemas que se utilizarán que se correspondan cos criterios de valoración, establecidos na cláusula 9ª.

b3) Informe suscrito por un técnico competente onde se acredite a viabilidade urbanística do proxecto para executar.

4. Corrección de documentación presentada. Debido á natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, será obxecto de corrección unicamente a documentación administrativa e en ningún caso a documentación valorable.

Sexta. Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, en diante RGPD, así como no artigo 8 da Lei Orgánica 3/2018, de Protección dos Datos Persoais e Garantías dos Dereitos Dixitais, en diante LOPDGDD, ao ser a achega dos datos e información esixidos nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes conforme co indicado nas propias bases. En consecuencia, a

negativa para facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do RGPD, Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, nº 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.gal

b) Co delegado de protección de datos da Deputación Provincial pode contactarse polos seguintes medios: domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, nº 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600 e correo electrónico: dpd@depourense.gal

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario, e para a valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Diario Oficial de Galicia e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse, igualmente, na sede electrónica e na páxina web provincial, www.depourense.es, as actas da comisión de valoración, o trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos desde a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de maneira motivada a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que consta no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os seus efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento dos deberes legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do RGPD, e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público (fomento do turismo no marco do PSTD Ourense Termal) perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do RGPD.

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou aos seus representantes legais, cando así o reclamen, para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.
- Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- Ás persoas que o soliciten ao amparo do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na devandita Lei.

f) En ningún caso transferiranse os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme co disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases.

Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do RGPD.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial, ben na rúa Progreso, nº 32, 32003, en Ourense; ou no

correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es, así como no correo do DPD: dpd@depourense.es

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do RGPD, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falta de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

l) En ningún caso procederase á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Sétima. Procedemento de concesión:

1. O procedemento de concesión será o de concorrência competitiva.

2. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránse ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso concederáse prazo para a mellora da documentación valorable.

Ao amparo do disposto no artigo 45.1 b) da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as devanditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://sede.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente, e en todo caso, na citada páxina web.

3. Unha vez transcorrido o prazo de emenda de deficiencias e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá un informe con proposta de admisión e non admisión de solicitudes e remitiralle o expediente á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto aos proxectos para os que non se presentara de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto de proxectos, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formularse proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.

4. A análise de risco de conflito de interese previsto na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia realizarase de oficio polo órgano instructor na totalidade das solicitudes presentadas, independentemente do número de solicitudes recibidas e a súa contía. Esta análise realizarase, unha vez recibisen as solicitudes e antes de emitir as propostas de resolución.

5. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante un anuncio no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<https://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións.

En caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na citada páxina web.

Durante o devandito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. Estas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base novena.

Oitava. Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o deputado delegado da Área de Turismo, Termalismo e Representación Institucional.

- Vogais:

- O secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.

- Xerente de INORDE do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Ourense Colle Velocidade, Vilas Históricas e Termas.

- Arquitecto/a do Servizo de Asistencia a Municipios da Deputación de Ourense.

- A interventora da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.

- A xefa da Sección de Subvencións,

Actuará como secretaria da comisión a xefa do Negociado de Concursos, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Se se dese o caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos na materia, que actuarán como asesores da comisión.

Novena. Criterios para a concesión de subvencións:

1. Para a concesión das subvencións, a Comisión de Valoración terá en conta os seguintes criterios:

A) CRITERIOS BÁSICOS DE SUSTENTABILIDADE, EFICIENCIA E INTEGRACIÓN NOS CRITERIOS ADXUDICACIÓN SUBVENCIONES PROXECTOS DE ECOALOXAMENTO (100 puntos)

CONDICIÓNS XERAIS

1.- Autoavaliación cumprimento DNSH	OBRIGATORIO
2.- Puntuación mínima apartado A	30 puntos

A) CRITERIOS BÁSICOS DE SUSTENTABILIDADE, EFICIENCIA E INTEGRACIÓN NA PAISAXE (ata 70 puntos)

1.- SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL (ata 15 puntos)

- Xestión eficiente da auga (ata 8 puntos)

Baremación	Puntos
Captación de auga de choiva para a súa reutilización	5 puntos
Medidas de redución de consumo de auga (aireadores e apertura en frío, cabezais sostibles en duchas, cisternas)	3 puntos

- Uso de materiais sostibles e recuperación de técnicas tradicionais (ata 7 puntos)

Baremación	Puntos
Uso destacado de técnicas e sistemas construtivos autóctonos ou tradicionais recollidos na guía de ecoaloxamentos	4 puntos
Emprego de materiais de bioconstrución, considerándose como tales: 1) pedra natural; 2) lousa; 3) fibras vexetais; 3) madeira; 4) cerámica; 5)escuma de taninos.	3 puntos

2.- EFICIENCIA ENERXÉTICA E CONTROL TÉRMICO (ata 40 puntos)

- Deseño bioclimático e envolvente eficiente (ata 10 puntos)

Baremación	Puntos
Optimización do control solar, ventilación cruzada e recuperadores de calor	4 puntos
Uso de envolventes térmicas de alto rendemento	4 puntos
Deseño con estratexias bioclimáticas que minimize a demanda tales como: 1) uso de elementos de sombreado que reduzan a	2 puntos

radiación solar sobre fachadas e xanelas; 2) Paredes exteriores en cores claras para minimizar a absorción da calor; 3) Cuberta verde para mellorar o illamento térmico; 4) Orientación estratéxica do módulo de ecoalojamento para minimizar a exposición directa á radiación solar; 5) Sistemas intelixentes de control de temperatura e humidade interior para reducir o consumo enerxético.	
---	--

- Sistemas de climatización eficientes (ata 10 puntos)

Baremación	Puntos
Sistema de climatización eficiente (xeotermia, aerotermia)	10 puntos

- Iluminación eficiente e control de consumo (ata 10 puntos)

Baremación	Puntos
Uso de iluminación 100% eficiente LED	5 puntos
Implementación de sensores fotoeléctricos, detectores de presenza e sistemas de control eficientes (KNX, DALI)	5 puntos

- Uso de enerxías renovables (ata 10 puntos)

Baremación	Menos do 25%	Do 25%-75%	Máis do 75%
Uso de enerxías renovables para o consumo	0 puntos	5 puntos	10 puntos

3.- INTEGRACIÓN NA CONTORNA E NA PAISAXE (ata 15 puntos)

- Adaptación á topografía e minimización do impacto visual (ata 5 puntos)

Baremación	Puntos
Adaptación á topografía	3 puntos
Medidas correctoras de impacto visual	2 puntos

- Uso de vexetación autóctona en zonas axardinadas e exteriores (ata 5 puntos)

Baremación	Puntos
Uso exclusivo de especies autóctonas	3 puntos
Incorporación de criterios de baixo impacto ambiental (evitar monocultivos, especies de alto consumo hídrico)	2 puntos

- Creación de espazos saudables e confortables para os usuarios (ata 5 puntos)

Baremación	Puntos
Uso de materiais con baixa emisión de compostos orgánicos volátiles (COVs)	2 puntos
Deseño que favoreza a luz natural e a ventilación cruzada	3 puntos

B) CRITERIOS AVANZADOS DE INNOVACIÓN, BIODIVERSIDADE E MITIGACIÓN DO CAMBIO CLIMÁTICO (ata 30 puntos)

1.- IMPULSO Á ECONOMÍA LOCAL E INNOVACIÓN SOSTIBLE (ata 15 puntos)

- Uso de materiais e sistemas construtivos producidos por industrias con certificacións ambientais (ata 5 puntos)

Baremación	Menos do 25%	Do 25% ao 75%	Máis do 75%

Materiais e sistemas construtivos producidos por industrias con certificados medioambientais oficiais ou verificados por entidades independentes	0 puntos	3 puntos	5 puntos
--	----------	----------	----------

- Innovación en deseño sostible e circularidade de materiais (ata 10 puntos)

Baremación	Menos do 25%	Do 25%-75%	Máis do 75%
Uso de materiais de proximidade	0 puntos	2 punto	5 puntos
Reutilización e reciclaxe de materiais de construción	0 puntos	3 punto	5 puntos

2.- SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL E CERTIFICACIÓNS (ata 10 puntos)

Baremación	Puntos
Uso de madeira sostible e certificado: - Madeira con trazabilidade garantida mediante tecnoloxía blockchain (FORTRA) - Certificación de orixe sostible (FSC/PEFC)	5 puntos
Certificacións de sustentabilidade e eficiencia enerxética: - Ecoaloxamento con certificacións de deseño sostible (BREEAM, LEDE, VERDE ou PASSIVHAUS) - Deseño que priorice a durabilidade e reduza a necesidade de mantemento - Implementación de sistemas prefabricados ecolóxicos que minimicen o impacto da construción	5 puntos

3.- MEDICIÓN E REDUCCIÓN DE PEGADA AMBIENTAL (ata 5 puntos)

Baremación	Puntos
Análise do ciclo de vida do edificio (ACV):	2 puntos
Pegada de carbono e redución de gases de efecto invernadoiro	3 puntos

2. Os criterios de valoración, conforme co establecido no artigo 7.3.d) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, aplicaranse mediante o emprego de fórmulas obxectivas de carácter automático.

3. O importe da subvención que corresponda a cada proxecto solicitado determinarase calculando o 40% do importe do orzamento presentado na solicitude, e ata o límite establecido na base primeira apartado 6 para cada proxecto.

4. A Comisión de Valoración puntuará as solicitudes formuladas conforme cos criterios sinalados, e propondrá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes por rigorosa orde de puntuación, ata esgotar o crédito dispoñible.

5. Criterios de desempate. No caso de que varias solicitudes obteñan a mesma puntuación seguiranse os seguintes criterios neste orde: en primeiro lugar darase preferencia ás solicitudes presentadas para ecoaloxamentos situados en municipios con menor número de habitantes. En segundo lugar, atenderase ao maior orzamento total do proxecto presentado, entendendo que implica un maior investimento e posible impacto no territorio.

Décima. Resolución.

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, excepto naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que esta proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, nese caso solicitará á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. No caso de non o facer así, a Xunta de Goberno resolverá conforme coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

O prazo máximo de resolución será de catro meses desde que finalice o prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde que finalice o prazo de presentación de instancias. A falta de resolución expresa neste prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. No caso de que non comuniquen de maneira expresa o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida.

O incumprimento do deber de comunicar a renuncia á subvención poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No caso de que existisen proxectos de actividades que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvencións, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e no caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou

seguintes solicitantes, por orde, respectando sempre os límites de importe recollidos na base primeira.

Undécima. Publicación do acordo de concesión.

Ao amparo do disposto no artigo 45.1 b) da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de concesión publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na sede electrónica. No caso de que non presenten esta autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Duodécima. Publicidade da subvención por parte do beneficiario.

O beneficiario da subvención está obrigado a cumprir as obrigacións de información e publicidade establecidas no artigo 9. Comunicación, da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Deben seguirse as indicacións do MANUAL DE COMUNICACIÓN PARA XESTORES E BENEFICIARIOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, da Secretaría Xeral de Fondos Europeos do Ministerio de Facenda.

Concretamente, estarán obrigados a cumprir as seguintes obrigacións:

Colocación dun cartel ou placa permanente localizado nun lugar o máis visible posible dentro do proxecto financiado para chegar ao maior número de cidadáns, de tamaño A4 onde se inclúan os logos obrigatorios:

- Emblema da Unión Europea + financiado pola Unión Europea/Next Generation EU.
- Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Emblema do ministerio xestor correspondente.
- Emblema Xunta de Galicia
- Emblema Deputación de Ourense

Ademais, debe recoller como mínimo o seguinte contido:

- Nome do beneficiario
- Nome do proxecto

Todo seguindo as instrucións do manual anteriormente citado.

O deseño do cartel debe ser aprobado por parte da Deputación de Ourense.

No caso de incumprimento deste deber, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento do deber poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Décimo terceira. Execución do obxecto de subvención. Prazos.

As axudas contempladas nesta convocatoria contribuirán á consecución do fito CID 221 sobre a «Finalización dos PSTD/ACD» mediante o desenvolvemento da actuación do eixo 1, en virtude do establecido no anexo da Decisión de Execución do Consello (CID), do 16 de xuño, relativa á aprobación da avaliación do PRTR.

Co fin de asegurar o cumprimento do fito 221 CID, o prazo para a execución e xustificación das actuacións subvencionables finaliza o **día 15 de marzo de 2026**, polo que todas as actuacións subvencionables deberán estar finalizadas e xustificadas a esa data, sen que exista posibilidade de ampliar o devandito prazo.

Décimo cuarta. Xustificación e pago da subvención.

1. O prazo para a xustificación da subvención terminará o día **15 de marzo de 2026**. O prazo terá carácter improrrogable.

2. A subvención xustificárase mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

B) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión. Anexo XI.

C) Acreditación do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social: os beneficiarios deberán achegar certificados actualizados emitidos polos órganos correspondentes, de estar ao día nos seus deberes tributarios e de Seguridade Social.

D) Facturas xustificativas dos gastos totais do orzamento, e a correspondente acreditación do pago das devanditas facturas, identificación do documento de acreditación do pago e data do pago.

En todo caso, os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas. Ademais, todas as facturas deben incluír o texto «Plan de

Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiada pola Unión Europea – NextGenerationEU».”

E) Documentación que acredite nos casos e de conformidade co artigo 31.3 da Lei xeral de subvencións, conforme ao cal, no caso de que o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na LCSP para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á concesión da subvención.

F) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente, se fose distinta á presentada coa solicitude.

G) Acreditación do cumprimento das obrigacións de comunicación para beneficiarios do PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, nos termos que recollen as presentes bases mediante a presentación de fotografías ou calquera medio que permita a súa verificación.

3. A conta xustificativa presentarase conformada polo beneficiario.

4. Para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a concesión da subvención e presentar ademais xustificantes de gastos (facturas ou equivalentes).

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ser contemplados na solicitude, darían lugar a denegar esta, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

5. Ao amparo do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxo deber de pago fose contraído antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención.

6. A xustificación dos gastos incluírá a acreditación fidedigna do pago destes.

7. A Deputación poderá comprobar a realidade do gasto certificado a través dos oportunos procedementos de inspección, auditoría e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

8. De advertirse deficiencias de carácter emendable na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao amparo do disposto no artigo 45.1.b) da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as devanditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico da sede electrónica da Deputación Provincial e na páxina web <http://www.depourense.es>, cidadanía, enlace Sección de Subvencións.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente, e en todo caso, por edicto no taboleiro de anuncios e na citada páxina web.

9. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declararase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de maneira acumulada co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

10. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia ou ao deputado no que delegue.

11. A Intervención da Deputación Provincial poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

Décimo quinta. Obrigacións dos beneficiarios.

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigacións que impón a Lei xeral de subvención. En particular, están suxeitos ás obrigacións de control financeiro e de reembolso nos casos previstos na devandita Lei, así como ás obrigacións de publicidade.

DNSH E ETIQUETAXE CLIMÁTICA

Os beneficiarios están obrigados a garantir o pleno cumprimento do principio de «non **causar un prexuízo significativo ao medio ambiente**» (principio de “*no significant harm – DNSH*”) recollido no Regulamento (UE) 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, en todas as fases do deseño e execución de cada actuación e, no seu caso, a etiquetaxe climática e dixital, de acordo co previsto no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aprobado por Consello de Ministros, o 27 de abril de 2021, e polo Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como co requirido na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España.

En relación coa etiquetaxe, o obxecto da presente subvención ten atribuída a **etiqueta 027**, que contribúe de maneira directa á etiquetaxe climática (porcentaxe de contribución 100%) identificados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Compoñente 14 “Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade”, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.

A execución do obxecto da presente subvención non poderá implicar actividades que directa ou indirectamente ocasionen un prexuízo significativo ao medio ambiente «principio DNSH», de acordo co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020 («Regulamento de Taxonomía»), relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, nin as que non garantan o cumprimento da lexislación medioambiental nacional e comunitaria de aplicación, dando cumprimento á Guía técnica (2021/C 58/01) sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo».

Na realización de obras en xeral, as condicións específicas do DNSH:

- Economía circular

Para calquera obra realizada e con respecto a este obxectivo débense ter en conta as seguintes consideracións a nivel actuación/proxecto:

- A actuación/proxecto apoiará o obxectivo europeo de garantir que polo menos o 70% (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluíndo o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532/EC) xerados no sitio de construción está preparado para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.

- Os operadores limitan a xeración de residuos en procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE e tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e a reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilizando a clasificación dispoñible sistemas para residuos de construción e demolición.

- Os deseños de edificios e as técnicas de construción apoian a circularidade e, en particular, demostran, con referencia á norma ISO 20887 ou outras normas para avaliar a capacidade de desmonte ou adaptabilidade dos edificios, como están deseñados para ser máis eficientes no uso de recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e reciclaxe utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición.

- Biodiversidade

A actuación debe cumprir polo menos as seguintes condicións:

- Sinalar se as novas actividades de construción levaranse a cabo ou preto de áreas sensibles para a biodiversidade. Sinalar se as actividades poden supoñer unha deterioración para o estado de conservación de hábitats e especies. No caso afirmativo, requirirase o cumprimento dos artigos 6 e 12 da Directiva de hábitats e o artigo 5 da Directiva de aves.

- Sinalar se levará a cabo unha Avaliación de Impacto Ambiental (EIA) ou un cribado, de acordo coa Directiva EIA.

O beneficiario queda supeditado ao cumprimento das modificacións que a autoridade responsable ordene en relación coa adopción de medidas correctoras para o cumprimento das obrigacións en materia de etiquetaxe climática e dixital, así como para o cumprimento do principio DNSH.

PLAN ANTIFRAUDES

A participación na presente subvención supón a obrigación de cumprimento das medidas contidas no plan de medidas antifraudes da Deputación de Ourense, con pleno respecto á normativa española e europea en relación coa prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses e aos pronunciamentos que respecto da protección dos intereses financeiros da Unión Europea realízaen ou poidan realizar as institucións da Unión Europea.

INFORMACIÓN REAL

O beneficiario sométese as obrigacións de información previstas no artigo 8.2 da Orde

HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

Tales obrigacións alcanzan aos seguintes aspectos:

- Identificación do NIF do beneficiario.
- Nome ou razón social.
- Domicilio fiscal.
- Aceptación da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais
- Os beneficiarios acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

O artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, establece a obrigaón de todas as entidades executoras do PRTR de achegar a información sobre o nome e data de nacemento do titular real do beneficiario nos termos establecidos no punto 6 do artigo 3 da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello, nos termos nos que se determine polo Ministerio de Facenda e Función Pública, coa finalidade de dar cumprimento á esixencia do artigo 22.d) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. O beneficiario estará obrigado a proporcionar esta información.

COMUNICACIÓN

O beneficiario está obrigado a cumprir coas obrigacións de información e publicidade establecidas no artigo 9. Comunicación, da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Segundo a edición actualizada do Manual de comunicación para xestores e beneficiarios do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, do Ministerio de Facenda, os beneficiarios da subvención deben incluír un cartel ou placa segundo as indicacións do apartado 3.1 do devandito manual.

AXUDAS DE MINIMIS

Ademais, as subvencións previstas nesta Orde concederanse de acordo co Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis. Cando a

axuda concedida conforme a presente Orde se acumule con outras axudas compatibles, respectaranse os importes e intensidades de axuda máxima establecidos no devandito Regulamento.

A aplicación do Regulamento 2023/2831 implica que a persoa beneficiaria non poderá percibir axudas de minimis procedentes de administracións ou de entidades públicas ou privadas financiadas con cargo aos orzamentos públicos por un importe superior a 300.000 euros no período de tres exercicios fiscais, considerándose para estes efectos o exercicio fiscal actual e os dous anteriores.

Para os efectos do Regulamento 2023/2831, considerarase unha «única empresa» todas as empresas que teñan polo menos un dos seguintes vínculos entre si:

- a) Unha empresa posúe a maioría dos dereitos de voto dos accionistas ou socios doutra empresa.
- b) Unha empresa ten dereito a nomear ou revogar á maioría dos membros do órgano de administración, dirección ou supervisión doutra empresa.
- c) Unha empresa ten dereito a exercer unha influencia dominante sobre outra en virtude dun contrato realizado con ela ou dunha disposición contida nos seus estatutos ou na súa escritura de constitución.
- d) Unha empresa, accionista ou socia doutra, controla por si soa, en virtude dun acordo realizado con outros accionistas ou socios da segunda, a maioría dos dereitos de voto dos accionistas ou socios desta.

As empresas que manteñan calquera das relacións contempladas nas letras a) a d) a través doutra ou outras empresas tamén se considerarán unha única empresa.

O importe das subvencións concedidas non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o máximo previsto polos regulamentos da Unión Europea que regulan a norma de minimis ou ben o custo da actividade. Con todo, e atendendo ao artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, as reformas e os proxectos de investimento que se financien con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) poderán recibir axudas doutros programas e instrumentos da Unión Europea, sempre que estas axudas non se destinen a cubrir o mesmo custo ou gasto financiable.

A persoa beneficiaria deberá comunicar ao órgano instrutor ou ao concedente a obtención doutras subvencións ou axudas que teñan por obxecto financiar o mesmo proxecto ou actividade ou para outra finalidade e que estean suxeitas a minimis procedentes de calquera

outras administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais. Para dar cumprimento á devandita obrigación, a convocatoria regulada nesta Orde incluírá un modelo de declaración responsable en relación coas axudas de minimis recibidas.

Décimo sexta. Devolución ou perda do dereito á cobranza de subvencións.

No caso de incumprimento por parte do beneficiario por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, así como de incumprimento de calquera das obrigacións previstas nas presentes bases, tramitarase un expediente de devolución ou, no seu caso, perda do dereito á subvención concedida. A obrigación de reembolso ou a perda do dereito pode ser total ou parcial, segundo a gravidade do incumprimento do beneficiario, graduada conforme ao principio de proporcionalidade. En todo caso, a devolución comprenderá sempre, como mínimo, as cantidades cuxo gasto non se xustificou en prazo.

Así mesmo, poderá dar lugar ao reintegro das contías percibidas o incumprimento dos principios e obrigacións ou calquera outro aspecto derivado do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como no resto de normativa da Unión Europea que sexa de aplicación. En particular, será causa de reintegro o incumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente («Do No Significant Harm», DNSH), a contribución climática e o incumprimento da ausencia de conflito de intereses das persoas beneficiarias.

Unha vez tramitado o expediente de devolución ou perda do dereito ao subsidio, concederase ao interesado un prazo de quince días hábiles para comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista desta, propoñer as probas e formular as alegacións que estime oportunas. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes correspondentes, emitirase pola Presidencia a resolución correspondente.

Décimo sétima. Normativa aplicable.

En todo o non previsto nestas bases, será de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao amparo da mesma o disposto na normativa de subvencións aplicable á Administración local, así como na lexislación vixente sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, «Regulamento do MRR», e demais disposicións que articulen o MRR e o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

- Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
- Normativa relativa á prevención e corrección da fraude e a corrupción, a prevención do conflito de interese e o dobre financiamento Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os regulamentos (UE) 1296/2013, (UE) 1301/2013, (UE) 1303/2013, (UE) 1304/2013, (UE) 1309/2013, (UE) 1316/2013, (UE) 223/2014 e (UE) 283/2014 e a Decisión 541/2014/UE, e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) 966/2012.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e as súas posteriores modificacións.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Resolución, do 19 de decembro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 14 de decembro de 2022, polo que

se fixan os criterios de distribución, e a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais, no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

- Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como a súa Guía práctica de aplicación.

2º.- Os anexos aos que fan referencia as citadas bases figuran, para coñecemento e efectos oportunos, na Sección de Subvencións e publicaranse, xunto co pertinente acordo, no BOP e na sede electrónica da Deputación.

3º.- Aprobar a convocatoria das referidas bases e ordenar a publicación do correspondente anuncio no BOP e na sede electrónica da Deputación.

3º.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA AS COPAS DEPUTACIÓN DE 2025.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Resolución do concurso para a concesión de subvencións para as copas Deputación 2025.

1º) Inadmitir a trámite as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

1. Por non presentar delegación da correspondente federación deportiva para a celebración da Copa Deputación:

Asociación deportiva A Goberna de Beariz	Compak Sporting	G32410771
Asociación deportiva A Goberna de Beariz	P.R. Caza	G32410771

2. Por ter unha proposta de subvención nominativa para a mesma finalidade:

Moto Clube A Peroxa	Mini Enduro	G36837243
Moto Clube A Peroxa	Enduro	G36837243

2º) Propor a concesión das seguintes subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes entidades:

SOLICITANTE	FEDERACIÓN	CORRESPONDE
AEHDE O Carballiño	Patinaxe artística	1.436 €
Asociación de Escaladores Ourensáns	Escalada bloque	2.966 €
Asociación Galega de Campos de Pitch&Putt	Pitch and putt	2.500 €
Asociación Jockey Club Galicia	Hípica-velocidade	1.846 €
Centro de Tiro Olímpico Eiroás	Tiro olímpico	2.550 €
Centro Deportivo Couto, Asociación Deportiva	Taekwondo	3.652 €
Club Ciclista Maceda	BTT	3.000 €
Club Deportivo Ecuestre de Ourense	Hípica-doma clásica	3.054 €
Club Esquí Náutico Dummies	Esquí náutico	1.843 €
Club Halterofilia Ourense	Halterofilia	2.277 €
Club Natación Pabellón Ourense	Natación	3.964 €
Club Natación Pabellón Ourense	Acuatlón	2.499 €
Club Natación Sincronizada Ourense	Natación artística	1.678 €
Club Náutico Castrelo de Miño	Vela	2.500 €
Club Ourense Volei Praia	Volei praia	2.934 €
Club Polideportivo Athlos de Ourense	Bádminton	3.796 €
Club Salvamento Acuático Ourense Salvour	Salvamento acuático	1.386 €
Club Social Santo Domingo	Tenis	2.402 €
Club Social Santo Domingo	Pickleball	1.000 €
Club Turbo Box	Boxeo	3.487 €
Club Voleibol San Martiño	Voleibol	3.716 €
Escuelas Deportivas Artai	Kung-fu	2.567 €
Federación Galega de Atletismo	Atletismo	4.936 €
Federación Galega de Balonmán	Balonman	2.846 €
Federación Galega de Hockey	Hockey herba	2.958 €
Federación Galega de Judo e D.A.	Judo	3.618 €
Federación Galega de Judo y D.A.	Wushu	3.225 €
Federación Galega de Kickboxing e Muaythai	Kickboxing	2.730 €
Federación Galega de Loita e D.A.	Loita olímpica	1.687 €
Federación Galega de Ximnasia	Ximnasia	4.664 €
Maese Riders Team	Mini DH urbano	1.500 €
Maese Riders Team	Pumptrack	2.266 €
Real Montealegre Club de Golf, S.A.	Golf	1.987 €
	TOTAL	89.470 €

3º) Proceder á publicación do pertinente acordo no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense, para coñecemento e efectos oportunos.

4º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2025 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE A PEROXA.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2025 no Concello de A Peroxa, do xeito seguinte: Causan baixa do plan as seguintes actuacións, no Programa de Investimentos con achega provincial:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións, no Programa de Investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzament oTotal €	Achega provincial €	Achega municipal €
Rexeneración do firme en Gaioso, Vilanova, Salceda e Vilarrubín	47.100,00	47.100,00	0,00
Rexeneración do firme en Besteiros, Fontefría, Alemparte, Bouzas Vedras e Gual	43.900,00	43.900,00	0,00

Causan alta no plan as seguintes actuacións, no Programa de Investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Rexeneración do firme en Gaioso, Vilanova, Salceda e Amido	47.100,00	47.100,00	0,00
Rexeneración do firme en A Peroxa Vella, Besteiros, Fontefría e Bouzas Vedras.	43.900,00	43.900,00	0,00

2º.- Do citado acordo deberá darse conta á corporación provincial na seguinte sesión celebrada por aquela.

5º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE TRASMIRAS PARA COFINANCIAMENTO REALIZACIÓN DE AUDITORÍA DE SANEAMENTO.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Trasmiras, nos seguintes termos:

-Importe: 3.611,37 euros.

-Obxecto: Cofinanciamento realización de auditoría de saneamento.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o orzamento presentado para a concesión da subvención (18.056,83 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o

reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

6º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE CELANOVA PARA REPARACIÓN ESTRADAS DE NÚCLEOS DE LAMAS DE ANSEMIL-MOREIRAS-SAMPIL-O BURGO E TRAMO PISTA DE LAMAS DE ANSEMIL AOS MUÍÑOS.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Celanova, nos seguintes termos:

-Importe: 48.000,00 euros.

-Obxecto: Reparación estradas de núcleos de Lamas de Ansemil-Moreiras-Sampil-O Burgo e tramo pista de Lamas de Ansemil aos Muíños.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o orzamento presentado para a concesión da subvención (48.373,55 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.
- 8.-Que conta coas autorizacións sectoriais necesarias.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

7º.- MODIFICACIÓN DE ACORDO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE CORTEGADA PARA CONSTRUCCIÓN DE PECHE PERIMETRAL NAVE MUNICIPAL NO PARQUE EMPRESARIAL.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar a modificación da subvención a favor do Concello de Cortegada, nos seguintes termos:

-Importe: 1.602,42 euros.

-Obxecto: Construción de peche perimetral nave municipal no Parque Empresarial.

O resto do acordo da Xunta de Goberno, do 21 de abril de 2025, queda co mesmo contido.

8º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE ENTRIMO PARA PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS EN BOUZADRAGO.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de entrimo, nos seguintes termos:

-Importe: 12.500,00 euros.

-Obxecto: Pavimentación camiños en Bouzadrago.

-Xustificación: A subvención xustificarse mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o orzamento presentado para a concesión da subvención (12.500,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de

que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

